

Bautista Álvarez

OBRAS ESCOLLIDAS

Volume I



BAUTISTA ÁLVAREZ
OBRAS ESCOLLIDAS

Volume I

BAUTISTA ÁLVAREZ
OBRAS ESCOLLIDAS
Volume I

Edita

© Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas

Avenida de Lugo, 219 · 1.º
15703 Santiago de Compostela · Galiza
Teléfono 981 570 265
info@bautistaalvarez.org

Textos

© Bautista Álvarez

Deseño e maquetación

Diego Núñez e Marcelino V. Cageao

Impresión

Litonor

Depósito legal: C 264-2013

ISBN: 978-84-616-3104-9

Impreso na Galiza

Bautista Álvarez

OBRAS ESCOLLIDAS

Volume I

Fundación
Bautista Álvarez
de Estudios Nacionalistas



NOTA INICIAL

No ano 2004, en coincidencia coa celebración do 40.º aniversario do nacemento da Unión do Povo Galego, constituímos a Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas, co fin, entre outros, de darmos a coñecer toda a fecunda historia protagonizada ou participada por este partido, o de maior idade da historia da Galiza e, por isto, decisivo na súa historia contemporánea, así como organizar o seu rico arquivo para o pór ao servizo de investigadoras-es e doutras institucións. Fieis a este propósito inicial, nestes oito anos decorridos, non é pequena a nómina de actividades e publicacións, que acadaron ademáis unha ampla difusión, en múltiples actos por toda a nación.

Publicáronse os seguintes libros: *Bautista Álvarez, 40 anos da UPG, 40 preguntas* (María Pilar García Negro), 2004; *Moncho Reboiras, o nacionalismo galego nos anos 70* (VV. AA.), 2009; *Xosé Chao Rego, renacer galego* (VV. AA.), 2010; *A Terra sabe a loita* (Emilio López) que inclúe o DVD documental *Clamor da Terra*

(Alberte Mera), 2012. Temos en preparación un outro libro-DVD sobre o movemento estudantil galego.

Así mesmo, a Fundación produciu os DVD: *O decálogo que a lingua galega precisa* (María Pilar García Negro); *Bautista Álvarez. Unha vida para a nación* (Lois Diéguez); *Peregrinaxes. Viaxando con Manuel María* (Lois Diéguez); *A derradeira lección do mestre* (Xoán Carlos Garrido Couceiro). E coproduciu o DVD *Cineclube Carlos Varela (1945-1980)*.

Organizou en catro convocatorias as Xornadas Lois Obelleiro de Historia, Pensamento e Cultura, dedicadas respectivamente aos seguintes temas: «Nacionalismo» (2008); «Un momento crucial na Historia de Galiza. A crise política na Baixa Idade Media» (2009); «Das Irmandades da Fala até hoxe. A organización do nacionalismo galego» (2010); «Situación e perspectivas da economía galega. Unha visión crítica da Unión Europea» (2011), con intervención de destacadas/os analistas da Galiza e Portugal.

Desde 2004, a Fundación pasa a editar a revista de pensamento nacionalista *Terra e Tempo*, continuación do cabezallo político máis lonxevo da Galiza (1965), publicando nesta etapa, baixo a dirección de Xoán Carlos Garrido Couceiro, 33 números agrupados en 15 volumes.

No 24 de febreiro de 2010, no 173 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro e no ano en que se cumprían 125 da publicación de *Follas novas*, a Fundación puxo en marcha o dixital de pensamento nacionalista *Terra e Tempo*, independente da publicación escrita, de actualización diaria, con máis de 80.000 visitantes

únicos anuais, e no que están dispoñíbeis perto de 200 audiovisuais, ducias de libros e documentos (incluídos inéditos) e máis de 2.750 artigos de opinión escritos desinteresadamente por máis de 200 colaboradoras e colaboradores.

A Fundación tamén é a encargada da xestión do Arquivo Histórico da UPG sobre o nacionalismo galego, con máis de 30.000 documentos de diverso formato (vídeos, fotografías, revistas, textos escritos, cartaces etc.).

Sirva este rápido sumario para enmarcarmos a publicación, con este libro, dunha empresa de grande alcance, cal é a de iniciarmos a edición da obra completa de Bautista Álvarez, que, manténdonos esta pretensión, preferimos intitular *Obra escollida* para evitarmos deixar fóra algún texto disperso ou malo de atopar. Neste primeiro volume —e contravindo a orde cronolóxica xeral— incluímos artigos publicados desde 2005 aos nosos días, incorporándonos tamén algúns inéditos, con indicación da súa data de escrita. A procedencia xeral é a revista *Terra e Tempo* e mais o dixital do mesmo nome. No primeiro caso, pertencen á «Carta do Presidente» que encabezou os sucesivos números. No segundo caso, o arquivo de todas as colaboracións permite comprobar o interese que suscitaron sempre, en forma de lecturas, votos e comentarios de opinantes. Non doutro xeito había de ser en quen acumula tantos anos de teoría e de praxe política, sempre dentro do nacionalismo galego e ao seu servizo, como cofundador da Unión do Povo Galego (vai xa para cincuenta anos) e do Bloque Nacionalista Galego, e como deputado desta formación durante catro lexislaturas e media (a media correspóndese coa ilegal expulsión sufrida en 1982, por privación dos dereitos regulamentariamente adquiridos na constitución do primeiro Parlamento

galego, en 1981 [vid. o artigo «A comedia do xuramento»]. Mais, probabelmente, a definición que ao interesado máis lle agrada sexa a de militante firme e consecuente cos principios fundacionais do nacionalismo galego contemporáneo, non por casualidade herdeiros do ideario das Irmandades da Fala e do nacionalismo do Partido Galeguista de pre-guerra, actualizados, claro está, e acomodados aos requerimentos e necesidades do tempo presente.

Quen ler este volume estará a notar o pulso vivo, valente e insubornábel dunha das voces de principalía indiscutíbel do pensamento e da acción política nacionalista e patriótica galega desde o ecuador do século xx. Non por casualidade a súa traxectoria é rectilínea e nítida como o azul da nosa bandeira, se queremos expresalo con imaxe de Castelao. Quen ler estes artigos estará a comprobar, tamén, o oficio, o estilo e os recursos dun escritor, non simplemente dun articulista de ocasión. Toda a cultura clásica, humanística, literario-filosófica, do autor reloce en cada entrega. Non é allea esta virtude a unha sólida formación *pola vella* (a que hoxe corre o perigo de sucumbir na maré audiovisual e cibernética), mais non estática ou reverenciada, senón en diálogo ou contraste crítico con toda a filosofía e teoría política de Marx e do marxismo e, por suposto, coas fontes referenciais do pensamento e da literatura e artes galegas. A elocuencia de todos os artigos aquí recollidos afórranos calquer comentario de texto ou glosa, que só parafrasearían superfluamente o que aparece vivo e candente en calquera deles.

Mais non é o estilo inconfundibelmente literario o único elemento rechamante destes artigos. O autor endexamais se entregou á camuflaxe do seu pensar ou á acomodación a conveniencias ou a comeencias ocasionais ou biográficas. Exprésase con toda a clareza e con

toda a firmeza que el considera non complementos accesorios senón epítetos da súa prosa. Responsabilízase así, a peito descuberto, das afirmacións que subscribe, actitude que é de agradecer nuns tempos como os actuais onde tanto inza a mentira programada, a disimulación e o tartufismo como armas verbais de contaminación da opinión pública. Escusado é, xa que logo, lembrar que foron moitas das súas afirmacións obxecto de vivas polémicas e contestacións, como sobrantería recordar que é o autor o dono dos seus pensamentos, imaxes e figuracións. Practicar, como se ten feito, metonimia partidaria ou política é xogo tan fácil como desmontábel.

En calquera caso, desde a Fundación que leva o seu nome queremos contribuír para un coñecemento e difusión de primeira man destas súas achegas e, visto que non se referen a asuntos accidentais ou pasaxeiros, moito ben sería que valesen tamén para a existencia dun debate preciso no seo do nacionalismo galego e para fortalecermos as posicións do mesmo nos tempos inclementes que se viven, sempre na intelixencia de que debe unirnos o convivio na diferenza, non o combate interno.

Con este espírito e con este ánimo ve a luz o presente volume primicial da *Obra escollida* de Bautista Álvarez, no mes que coñecerá o seu 80 aniversario e no día (2 de marzo) en que recordamos a celebración do Banquete de Conxo, hai 157 anos. Que esta digna recordación histórica —da historia de noso, non da imposta— ampare a saída ao público deste libro e sirva para revalidar credenciais de servizo á patria galega tan dignas como as que distinguen o seu autor.

Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas
GALIZA (Santiago de Compostela), marzo de 2013